

TEXTOS PARA CORRIXIR

1. **Segundo o establecido nos apuntamentos, corrixe aquelas frases que teñan erros, e explícaas.**

Carlos I chega a Castela rodeado dunha corte de conselleiros e eclesiásticos procedentes de Francia, con grandes coñecementos do idioma cervantino. Repartíronse os principais cargos e iso xerou grande apoio entre a nobreza catalana. Así a todo, Carlos intentou vencer esas resistencias e convocou as cortes de Castela, Aragón e Cataluña nas que foi recoñecido rei etentou conseguir fondos para financiar a súa candidatura ao Imperio. Debido a todo isto estala a **revolta dos comuneiros**, chamada así porque os grupos de pastores e membros da mesta non querían que lles subisen os impostos. Estes insurrectos únense na Xunta Santa de Ávila e tentan o recoñecemento de Juana a Tola recluída en Tordesillas (Valladolid). Carlos está en Alemaña, Adriano de Utrecht, que dirixe o reino no seu nome, enfrontarase ao exército dos comuneiros e na batalla de Villalar (23 de abril de 1521) estes son derrotados.

Para a administración dos novos territorios en España creáronse varias institucións que reproducían as que xa existían en na Coroa de Castela, como o **Consello de Indias**, que controlaba o goberno das Indias de maneira democrática, así como a proposta de cargos para as colonias. En Sevilla funcionaba desde a súa creación polos Reis Católicos a **Casa de Contratación** que regulaba todo o que tiña que ver co comercio e a navegación con América. Da mesma forma creáronse **correxidurías** (Nova Galicia en México en 1535 e o de Colombia en 1544) dirixidos por correxidores que rendían conta ante o rei. As audiencias (órgano de xustiza) tamén se estenderon polo Novo Mundo.

Felipe de Anjou foi designado rei de España por Luis XIV de Francia, o seu avó, e tomará o nome de **Felipe V**, iniciando a dinastía Borbón. A nivel internacional Inglaterra, potencia en ascenso, vai a cuestionar o excesivo poder da dinastía de Borbón, e, de acordo con Holanda e Austria (coas que forma a Gran Alianza da Haia) vai propor como rei de España ao **archiduque Carlos** fillo do emperador austríaco. Este feito acende unha guerra a nivel europeo a partir de 1701 que terá varios escenarios e que, en principio, non foi favorable aos intereses borbónicos. O problema para Felipe V agrávase cando os territorios da Coroa de Castela xuran fidelidade ao archiduque, converténdose a guerra tamén nunha contenda civil española ao contar Felipe V co apoio incondicional de Aragón e Granada.